

BOUDU SALVADO DAS AUGAS

Jean Renoir, 1932

1507

ESTREA EN NUMAX: 22.04.2025 | V.O.S.E. | +85 min

Un vagabundo tírase ao Sena desesperado pola desaparición do seu can, pero un libreiro sálvalo de morrer afogado e acólleo na súa casa.



Unha estética do distanciamento

Por André Bazin

Un dos aspectos paradoxalmente máis atractivos da obra de Jean Renoir é que todo está preto. É o único director de cinema do mundo que se pode permitir tratar aparentemente o cinema con esta desenvoltura. Fai falla chamarse Renoir para ter a audacia de rodar a *Gorki* nas beiras do Marne, crear un elenco como o d'A *regra do xogo* (1939), no que case todos os actores están marabillosamente fóra de lugar. Se fíxese falla cualificar cunha frase a arte de Renoir, poderíase definir como unha estética do distanciamento. *Boudu salvado das augas* (1932) non foxe a esta regra. Neste filme o guión esta amorosamente preto do tema, os actores preto dos seus papeis, a interpretación preto da situación. Non se trata, a dicir verdade, dunha cuestión de planificación porque é precisamente el quen dirixe esta danza cunha habilidade diabólica e o que obriga a este universo estético contraditorio a ordenarse nun estilo.

Non vou chegar a dicir que os mellores intres de *Boudu* sexan aqueles nos que todo é falso pero si vou dicir que se os cumes da obra de Renoir son, con frecuencia, admirables pola súa xusteza e o realismo do seu ton, deben a veces tamén o seu relampo a contrasentidos dramáticos coidadosamente mantidos.

Unha das mellores escenas do filme, a da tentativa de suicidio na Pont des Arts, foi rodada con evidente desprezo pola lóxica da escena. O xentío congregado sobre a ponte e nas marxes do río achega unha figuración benévola que non asiste, evidentemente, a ningunha catástrofe. Están alí para ver unha rodaxe. A montaxe tampouco contribúe a facernos pensar que a relativa falsidade da figuración non é evidente, Renoir fai tomar os planos do salvamento desde detrás do xentío, de maneira que non queda ningunha dúbida sobre a ausencia de dramatismo.

Ese paradoxo aumenta aínda máis se pensamos que Renoir é un dos mestres do realismo cinematográfico, herdeiro da tradición literaria naturalista e do seu contemporáneo impresionismo pictórico. Pero estes elementos fan parte do estilo integral de Renoir e aparecen acotío nos seus mellores intres. Sucede que, para Renoir, poucas veces o importante está no valor dramático da escena. O drama, a acción mesma, no sentido teatral ou literario, non son senón pretextos do esencial e o esencial é sempre o que se ve, que é o que constitúe a materia mesma do cinema.

Volvamos a Boudu, que mata sen saber por que. Porque ten calor de máis? Porque perdeu o seu can? Porque a cara dun xendarme lle resulta desagradable? E, despois de todo, que outra cousa pode facer? Boudu íspese, isto é o esencial e vós comprendédelo tamén. Quizais vos tería gustado que houbese uns planos máis próximos para explicar como se íspe? Iso sería sadismo; posto que non envexades que se bote á auga, deixádeslle facer, que non é asunto voso. Faredes mellor en mirar as marxes do Sena e a Pont des Arts cheas de xente e os pescadores en ringleira e inquietos porque todo isto vailles estragar a pesca.

Por outra banda, a distancia mesma que a cámara vos impón non é, en última instancia, a que mellor pode servir á acción, posto que fariades o mesmo que fai Boudu se fósedes vós os que vos afogásedes. Así é como o distanciamento constitúe en Renoir a mellor forma de expresar a súa ironía.